

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
QUI	Química	CMQUI02	Operacións de laboratorio	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1258	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP1258_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	3	45	45
MP1258_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FLORINDA DIVINA CACHEIRO LADO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector de operacións de laboratorio. A formación do módulo contribúe a alcanzar algúns dos obxectivos xerais do ciclo formativo, previstos no borrador do Proxecto do Decreto ___/2015, do __ de _____, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Operacións de Laboratorio:

- Recoñecer e clasificar as situacións de risco en todas as actividades que se realicen no laboratorio, para asegurar o cumprimento das normas e as medidas de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.
- Analizar e utilizar os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación para aprender e actualizar os seus coñecementos, recoñecendo as posibilidades de mellora profesional e persoal, para se adaptar a situacións profesionais e laborais.
- Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.
- Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.
- Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.
- Analizar os riscos ambientais e laborais asociados á actividade profesional, en relación coas súas causas, co fin de fundamentar as medidas preventivas que se vaian adoptar, e aplicar os protocolos correspondentes para evitar danos propios, nas demais persoas, no contorno e no ambiente.
- Utilizar procedementos relacionados coa cultura empresarial e de iniciativa profesional, para emprender un traballo.
- Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A PREVENCIÓN DE RISCOS: CONCEPTOS BASICOS.	UNIDADE NA QUE SE TRATAN OS CONCEPTOS BASE E A RELACION ENTRE CONDICIIONS LABORAIS E A SAUDE	8	8
2	FACTORES DE RISCO E A SÚA PREVENCIÓN	UNIDADE NA QUE SE CLASIFICAN EN TERMO XERAL OS POSIBLES RISCOS E AS TECNICAS DE PREVENCIÓN E PROTECCION, CENTRANDOSE DE XEITO PARTICULAR NA IDENTIFICACION DOS RISCOS PROPIOS DO SECTOR DO TITULO	18	7
3	A PREVENCIÓN DE RISCOS: LEXISLACIÓN E ORGANIZACIÓN	UNIDADE QUE TRATA A NORMATIVA E COMO LEVAR A CABO A ORGANIZACION E A XESTION DA PREVENCIÓN NA EMPRESA	6	8
4	EMERXENCIAS E PRIMEIROS AUXILIOS	UNIDADE QUE TRATA O PLAN DE AUTOPROTECCION E COÑECIMENTOS BASICOS EN MATERIA DE PRIMEIROS AUXILIOS	13	7

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	A RELACION LABORAL. O CONTRATO DE TRABALLO E O CONVENIO COLECTIVO	UNIDADE QUE EXPLICA QUE E O DEREITO LABORAL, FONTES, DEREITOS E OBRIGAS, REPRESENTACION E NEGOCIACION COLECTIVA, O CONTRATO E TIPOS DE CONTRATO	25	15
6	A MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL	UNIDADE QUE ABORDA A MOBILIDADE, A SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN, E POSIBLES INDEMNIZACIONES E FINIQUITO	15	15
7	A SEGURIDADE SOCIAL E DESEMPREGO	UNIDADE QUE AMOXA QUE E A S.S., ALTAS E BAIXAS E PRINCIPAIS PRESTACIONS	15	15
8	A PROCURA DE EMPREGO	UNIDADE QUE TRATA AS VIAS DE INSERCIÓN LABORAL, O COÑECEMENTO DAS PROPIAS CALIDADES PERSOAIS E OS PROCESOS E DOCUMENTOS INERENTES A SELECCION DO PERSOAL	5	15
9	O TRABALLO EN EQUIPO E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	UNIDADE QUE AMOSA A IMPORTANCIA DO TRABALLO EN EQUIPO E A NEGOCIACION NO AMBITO PROFESIONA	2	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A PREVENCIÓN DE RISCOS: CONCEPTOS BASICOS.	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente

Criterios de avaliación
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de química
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.</p> <p>Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.</p> <p>Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.</p> <p>Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.</p> <p>Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	FACTORES DE RISCO E A SÚA PREVENCIÓN	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de química	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en operacións de laboratorio

Criterios de avaliación
CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles
CA2.3 Clasifícanse e describíranse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en operacións de laboratorio
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en operacións de laboratorio
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.</p> <p>Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.</p> <p>Riscos específicos no sector de química en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.</p> <p>Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de química.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A PREVENCIÓN DE RISCOS: LEXISLACIÓN E ORGANIZACIÓN	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en operacións de laboratorio
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título

4.3.e) Contidos

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	EMERXENCIAS E PRIMEIROS AUXILIOS	13

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en operacións de laboratorio	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias

4.4.e) Contidos

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Contidos
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A RELACIÓN LABORAL. O CONTRATO DE TRABALLO E O CONVENIO COLECTIVO	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en operacións de laboratorio
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran

Criterios de avaliación
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Dereito do traballo.</p> <p>Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Conflitos colectivos.</p> <p>Novos contornos de organización do traballo.</p> <p>Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.</p> <p>Análise da relación laboral individual.</p> <p>Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en operacións de laboratorio.</p> <p>Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.</p> <p>Sindicatos e asociacións empresariais.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres
CA2.9 Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral

4.6.e) Contidos

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en operacións de laboratorio.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A SEGURIDADE SOCIAL E DESEMPREGO	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico

4.7.e) Contidos

Contidos
<p>A seguridade social como pilar do estado social.</p> <p>Estrutura do sistema de seguridade social.</p> <p>Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.</p> <p>Protección por desemprego.</p> <p>Prestacións contributivas da seguridade social.</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A PROCURA DE EMPREGO	5

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exixencias do proceso produtivo
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en operacións de laboratorio
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en operacións de laboratorio
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título

4.8.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en operacións de laboratorio.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en operacións de laboratorio.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en operacións de laboratorio.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.

Contidos
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O TRABALLO EN EQUIPO E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	2

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en operacións de laboratorio e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros

4.9.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de química segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflicto: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación permite valorar en que medida se acadaron os resultados da aprendizaxe propostos, e, en consecuencia, medir en que grao se adquiriron as competencias. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas.

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

Para cada unha das unidades didácticas figuran aqueles criterios de avaliación que son considerados mínimos exixibles, considerándose que o alumno/a debe acadalos para ter un rendemento normal.

En todo caso a cualificación de cada resultado de aprendizaxe virá dada polas puntuacións obtidas utilizando para elo os instrumentos de avaliación correspondentes que se sinalan en cada criterio de avaliación.

Considerarase que o alumno superou o resultado se obtén unha puntuación mínima total de 5 sobre 10 puntos. O profesor pode decidir agrupar varios resultados de aprendizaxe e unir os RA asociados a prevención de riscos laborais e os RA asociados a dereito do traballo e da seguridade social para avalialos.

O alumno superará o módulo sempre e cando alcance o mínimo exixible en todos e cada un dos resultados de aprendizaxe. Cando un alumno/a tivera superados os resultados de aprendizaxe correspondentes a calquera das dúas unidades formativas que compoñen o módulo, pero na avaliación final non superara o módulo e o alumno fora promovido ao curso seguinte, poderánselle considerar como superados. A estes efectos considerarase que os catro resultados de aprendizaxe da unidade formativa de prevención de riscos laborais, constitúen un único resultado e os restantes resultados de aprendizaxe da unidade formativa de equipos, dereito e seguridade social e procura de emprego outro.

Os instrumentos de avaliación empregados para valorar os resultados de aprendizaxe son:

- Probas escritas ou orais (no caso de probas escritas poden conter preguntas cortas e exercicios para solucionar, preguntas tipo test e preguntas verdadeiro/falso e similares).
- Tarefas (poden ser actividades ou casos prácticos a resolver de forma individual ou equipos de traballo). . Nesta valoración terase en conta, entre outros, a puntualidade, comportamento, participación activa e responsable, o traballo en equipo e a motivación amosada polo alumno.

Os criterios de cualificación que se empregarán para avaliar ao alumno/a e o peso que ten cada instrumento de avaliación é o seguinte:

- Probas escritas ou orais :75%
- Tarefas:25%

A cualificación obtida será a resultante de aplicar o baremo anterior a cada nota parcial do alumno.

É necesaria unha nota mínima de 5 puntos sobre 10, en cada parte (probas e actividades). Se isto último non se cumpre, a nota de cualificación máxima neste caso será de 4 puntos.

Polo tanto, o mínimo esixible para obter unha valoración positiva en cada avaliación é a realización das actividades propostas polo profesor durante o curso, en tempo e forma, e que a nota obtida cos diferentes instrumentos de avaliación sexa como mínimo de 5 puntos.

A cualificación, será numérica, entre un e dez, sen decimais. En todos os casos nas actas de avaliación parciais ou na final, a puntuación redondearase por exceso ou defecto. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. Os alumnos que non acaden unha nota de cinco puntos na cualificación, estarán obrigados a realizar probas de recuperación tal como se prevén no apartado 6.a Procedemento para a recuperación. A cualificación final do módulo superado en avaliacións parciais calcularase como a nota media das diferentes notas parciais obtidas nas avaliacións parciais.

Os alumnos que mostren ter utilizado técnicas fraudulentas no desempeño das tarefas ou nas probas escritas evaluables obtendrá unha puntuación de 0 puntos no caso da probas escritas ou orais e será calificada como non entregada a correspondente tarefa.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais, podera recuperarlá no mes de xunio, a recuperación consistirá nun examen que versará sobre a materia correspondente a dita avaliación Para, iso programaranse actividades de recuperación/reforzo

1. Actividades de recuperación/reforzo/apoio:

- Os alumnos que non teñan as tres avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, deberán realizar o exame final para superar o módulo.
- Se o problema estriba na dificultade de comprensión efectuaranse exercicios de reforzo naquelas unidades que o requiran. Así, para cada unidade didáctica, vanse programar actividades de recuperación, tales como:

- Realización de casos prácticos.
 - Traballos individualizados.
 - As actividades de recuperación do módulo determinaranse a partir do informe de avaliación individualizado.
 - Todo elo de acordo cos contidos mínimos de ditas unidades didácticas.
2. No suposto de que se pase de curso co módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período de realización, temporalización e data en que serán avaliados, e que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario. No caso de que a dispoñibilidade horaria do centro o permita, faranse actividades de recuperación presenciais.
3. O alumnado de 2º curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, se lle asignarán actividades de recuperación, con indicación expresa da data en que serán avaliados.
- Durante este período repasaranse os resultados de aprendizaxe non acadados e os conceptos non asimilados. Rematado este proceso o alumno/a deberá demostrar que acadou os contidos mínimos esixibles que non foron superados mediante a realización dunha proba obxetiva/traballo.
- Para superalo módulo pendente o alumnado debe acadar como mínimo 5 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que superen a porcentaxe de faltas á clase, legalmente establecida, perderán o dereito á avaliación continua e terán que facer unha proba extraordinaria antes da última avaliación, para superar o módulo.

Cando se perde o dereito a ser avaliado continuamente, o alumno/a ten dereito a un proceso de avaliación extraordinario ó rematar o módulo, sempre antes da avaliación final do mes de xuño.

Para elo o alumno/a deberá superar unha proba final consistente en preguntas de desenvolvemento, de tipo test (respostas alternativas), ou ben supostos prácticos, de xeito que o alumno/a acredite ter acadado os obxectivos xerais e específicos do módulo de acordo cos contidos reflectidos nesta programación. Esta proba terá carácter teórico e práctico e poderá estar dividida en dúas partes (unha para cada unidade formativa) que se desenvolverán nas correspondentes xornadas e poderá establecerse de modo personalizado e diferente para cada alumno/a.

A nota final do módulo valorarase entre 0 e 10 puntos e sempre que se obteña alomenos 5 puntos, o alumnado terá superado o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O proceso de avaliación desta programación para comprobar se acada a súa finalidade, seguirá estes criterios:

- Adecuación dos contidos recollidos para acadar as aprendizaxes propostas e a súa adecuación as características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.
- Valoración do seguimento da programación na reunión de ciclo, que se celebrará cunha periodicidade mensual, onde se analizará o grado de

cumprimento da programación no referente á temporalización, contidos impartidos e as actividades realizadas conforme ao programado inicialmente.

- Valoración anónima dos alumnos sobre os obxectivos, contidos, temporalización, metodoloxía e avaliación do módulo.

Ao remate do mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificacións e melloras para o seguinte curso.

Sistemática a empregar para darlle a coñecer ao alumnado a información relativa a programación:

O inicio do curso se lle explicará o alumnado os seguintes aspectos da programación: obxectivos, criterios de avaliación aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como o nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva.

Tamén se explicarán as normas de conduta a manter no desenvolvemento das clases.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao abeiro do art. 28 da Orde do 12 Xullo de 2011, ao comezo do curso, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao profesor/a.

O titor/a do grupo na sesión de avaliación inicial aportaranos, a información dispoñible dos alumnos sobre: características xerais do grupo, e ás específicas académicas ou persoais con incidencia educativa. A tal fin valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co Departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

Durante o curso realizarase ao inicio de cada unidade didáctica unha avaliación inicial, a través dun pequeno coloquio ou treboadas de ideas, que indique o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

O seguimento da programación terá por obxecto coñecer ás características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de "deseño para todos". Para tal efecto recolle ás medidas necesarias para que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e

expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, minusvalideces físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras. Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas

Tomando en consideración ou establecido pola GABE e polo Decreto 114/2010 respecto a atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.
- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.
- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.
- Medidas de reforzo educativo tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Programación da educación en valores

A GABE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal á medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Déaste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor/ra, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do CIFP, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

- Educación ambiental relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos...) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto a necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara a favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
- Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente témas nos de prevención de riscos e tamén non de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sa e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante ás enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc...
- Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego e durante a súa realización é un contido curricular do módulo. Sen embargo, débese fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc... así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferencian de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares

A intención de programar este tipo de actividades no módulo de FOL é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social, escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán como traballadores ou desempregados, etc...

A continuación defínense ambos os dous tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante o curso escolar:

Actividades complementarias: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

1ª-- Simulacro de evacuación do instituto: esta actividade é extensible a toda a comunidade educativa do instituto, coa colaboración da Dirección do centro onde solicitarase apoio a Protección Civil, Policía Municipal, Bombeiros e Centro de saúde máis próximo. O obxectivo desta actividade é deseñar un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título, e posteriormente poñelo en práctica no instituto

2ª-- Debate sobre A Reforma Laboral: nesta actividade farase fincapé nos na situación do emprego xuvenil e nas consecuencias da última reforma laboral. Poderase contar con membros de sindicatos, da Cámara de Comercio ou de asociacións empresariais e/ou de diferentes partidos políticos. Os alumnos prepararían previamente as preguntas e un deles (ou o profesor) dirixiría o debate. Asistirían todos os alumnos que cursen o módulo de FOL no instituto. A actividade durará aproximadamente dúas horas, e ao remate os alumnos, por equipos, realizarán un resumo da charla, recollendo ás posturas de cada un dos conferenciantes.

3-- Cinema fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta

en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras ás sesións de avaliación de cada trimestre. Exemplos de películas que poderíamos proxectar:

- Os luns ao sol
- Inside Job
- As mulleres de verdade teñen curvas
- It 's a free world (Nun mundo libre)
- Raining Stones (Chovendo pedras)

Actividades extraescolares: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo consello Escolar e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria.

10.Outros apartados

10.1) Comunicación da programación

O profesor do módulo informará ao alumnado matriculado durante a primeira semana do curso escolar dos seguintes aspectos xerais da programación didáctica:

1. Distribución das Unidades didácticas e temporalización aproximada.
2. Criterios xerais de cualificación e normas básicas.
3. Proceso de recuperación, de selo caso.
4. Actividades previstas durante o curso escolar.

Unha copia da programación (versión alumnado) quedará exposta e a disposición do alumnado na aula virtual do centro educativo.

Esta comunicación realizarase verbalmente, expoñéndoa na aula con todo o grupo. Unha vez finalizada a exposición o alumnado presente asinará a folla de rexistro facilitada polo profesor.